

SANTUARIOS DE OUTEIRO DE REI (LUGO).


ETNORITUAIS E OFRENDAS.

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

***I. SANTUARIO DAS ANGUSTIAS E DO SANTO CIOME (ECCEHOMO) DE
ARCOS (OUTEIRO DE REI)***

**PUBLICACIÓN: *RELIGIOSIDAD POPULAR EN EL MUNICIPIO DE BEGONTE*. DEPUTACIÓN
PROVINCIAL. LUGO. 1993. PÁX. 113.**

LOCALIZACIÓN DOS DIFERENTES SANTUARIOS DO MUNICIPIO



1. SANTUARIO DO SAN PEDRO DE ARCOS.

I. SITUACIÓN.

1. ECLESIAÍSTICA. Fregresía de San Pedro de Arcos. Arciprestado de Aguiar. Diocese de Lugo.
2. CIVIL. Parroquia de Arcos. Concello lucense de Outeiro de Rei.

3. COORDENADAS U.T.M.

X: 620.901

Y: 4.775.244

II. TRAZOS ARTÍSTICOS.

O santuario é unha igrexa parroquial, que posúe unha nave corrida, a dúas augas, e coa parte posterior máis elevada. Na fachada hai unha porta alintelada e unha espadana de dous vans na parte superior. No interior é mester salientar a capela dedicada ao ao Santo Ciome (Eccehomo), que está situada na parte lateral norte da igrexa e que está provista de arcos de medio punto en aresta no seu acceso. Ademais, hai que sinalar a escultura da Virxe das Angustias, que foi construída por Antonio Sanjurjo no século XVII¹.

III. ALGÚNS DATOS HAXIOGRÁFICOS E ICONOGRÁFICOS SOBRE “O ECCEHOME” E A “VIRXE DAS ANGUSTIAS”.

“Este es el hombre”. É a tradución que na Vulgata latina se deu ao pasaxe do evanxeo de Xoán. Refírese as palabras pronunciadas por Poncio Pilato, o gobernador romano de Xudea, cando presentou a Xesús diante da multitude de xudeus para que decidisen o seu destino. Pilatos, mentres tanto, eludía a súa responsabilidade lavando as súas mans. Con respecto á iconografía Cristo adoita aparecer semidesnudo e atado cunha cana nas súas mans e cun manto rexio nos seus ombros, en sinal de burla; tamén, soen aparecer outros persoeiros como Pilatos, algúns soldados romanos, os verdugos... As representacións da escena evanxélica do Eccehomo son

¹ VALIÑAS SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, t. I, 1975, páx.111.

moi semellantes a outras tipoloxías nomeadas como Cristo do dolor, Cristo da pacencia, Cristo en desgracia...

Con respecto á advocación mariana das Angustias, ésta tamén é coñecida como Virxen da Amargura, da Piedade, da Dolorosa... Esta advocación destaca o sentimento de dor da nai ante o sufrimento do seu fillo. A devoción á Mater Dolorosa desenvolveuse a partir de finais do século XI. É unha advocación moi arraigada en España, celebrándose cultos tanto no mes de setembro como na Semana Santa –venres de Dolores. Esta advocación aparece frecuentemente representada no momento da Piedade co seu fillo Xesús morto no seu colo, tralo descendemento².

IV. DEVOCIÓN POPULAR.

1. FESTIVIDADE.

O 14 de setembro conmemórase a festividade do Santo Ciome (Eccehomo) e o domingo seguinte a da Virxe das Angustias.

2. TERRITORIO DE GRACIA.

En ambas as dúas festividade acoden devotos non só do municipio de Outeiro de Rei, senón tamén doutros municipios chairegos como Begonte, Vilalba, Cospeito, Castro de Rei, e mesmo da cidade de Lugo.

3 PEDIMENTOS.

Os devotos ofrécese por doenzas humanas e de animais. Tamén por todo aquilo que concerne a facenda familiar. Ademais algúns veñen ofrecidos tamén por outras persoas, que non poden acudir ao recinto sacro por algunha doenza.

² GIALLANZA, Joel: *The Seven Sorrows of Mary*, C.S.C. Ave María Press, 2008

4. PROMESAS.

A interacción do devoto co ente sacro realízase por medio da promesa, que pode realizarse antes ou despois de concedida a petición. Para iso, os devotos adoitan tomar parte en diferentes rituais e ofrendas que describo a continuación:

4.1. RITUAIS.

4.1.1. MISAS.

O párroco da freguesía oficia varias misas ao longo da mañá e ao mediodía; logo, a primeiras horas da tarde concelebra a misa solemne con outros dous cregos.

4.1.2. RITUAL DA PROCESION.

Ao rematar a misa solemne sae a procesión, que percorre o perímetro do santuario. Denantes de comezar o percorrido, as cinco imaxes, que participan no ritual, colocanse de fronte a unha imaxe da advocación marina das Angustias, que foi construída de granito hai uns anos. Alí o párroco adoita leer unhas preces na honra da Virxe. Logo, a procesión comeza o seu percorrido. A disposición dos seus elementos é como segue: cruz e pendón parroquial, levados por membros da comunidade; logo, a advocación marina do Rosario, levada en andas por mulleres devotas; a continuación, as advocacións do San Pedro, do San Antón, e do Santo Ciome, portadas en andas por homes devotos; posteriormente, a advocación mariana das Angustias, levada en andas por devotas da freguesía; como remate, os cregos concelebrantes; algúns membros da orquestra; e un bo número de devotos, colocados sen ningunha orde disposta.

4.1.3. RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN.

Algúns devotos percorren o perímetro do santuario, unha ou máis veces, cunha imaxe pequena do Santo Ciome ou da Virxe das Angustias; tamén, hainos que levan figuras de cera, representativas do corpo humano, enteiro ou parcial, así como de animais: porcos, xatos e vacas.

4.1.4. RITUAL DE “POÑER O SANTO”.

Tres fregueses da comunidade, que se encontran no interior dun alpendre –situado ao carón do recinto sacro–, son os encargados de “poñer o santo”. Así, dan a bicar aos devotos unha imaxe pequena do Santo Ciome e da Virxe das Angustias, mentres recitan as seguintes xaculatorias: *“Santo Ciome bendito, che quite a enfermédá, e che dé a sanidá, polo poder de este santo glorioso. Amén”*. *“A Virxe das Angustias, che quite a enfermédá, e che de a sanidá, polo poder desta santa gloriosa. Amén”*. Hai anos, usábanse outras fórmulas: *“Madre de Dios das Angustias, te proteja y te acompañe”*. *“Santo Ciome glorioso te bendiga y te acompañe”*.

4.1.5. RITUAL DE CONTACTO COA ADVOCACIÓN ESTÁTICA.

Algúns devotos bican as imaxes do Santo Ciome e da Virxe das Angustías; tamén tocan coas súas mans e panos ambas dúas imaxes e, logo, pasanos pola cara e por outras partes dos seus corpos cunha finalidade profiláctica e sandadora.

4.2. OFRENDAS.


Un bo número de devotos aportan esmola en metálico nalgún destes intres: ao “poñer o santo”, ao recoller as figuras de cera pra realizar o ritual de circunvalación, no transcurso das diferentes misas, e, tamén, nas boetas. Algúns devotos ofrecen misas, que o parroco oficiará ao longo do ano. Hainos, que ofrecen cirios pequenos ou velóns, que adoitan colocar no monumento de pedra e granito, dedicado a advocación mariana das Angustias, e que está colocado na parte exterior dereita do santuario. Así mesmo, as figuras de cera, tanto humanas como de animais, son entregadas aos devotos por parte de calquera das persoas, que se encontran no interior do alpendre “poñendo o santo”, a cambio dunha esmola. Por outra banda, aínda se percibe algo de ofrenda en especie a base de produtos agrícolas.

Ao rematar os oficios relixiosos os romeiros concurren ao campo da festa, participando dos carruseis –se hai pequenos– e da sesión vermú, que ao igoal que a verbena da noite, van ser amenizadas por orquestras e grupos musicais.

V. ILUSTRACIÓNS.



O SANTUARIO DO SANTO CIOME (ECCEHOMO) E DA VIRXE DAS ANGUSTIAS



***PERSOA ENCARGADA DE “POÑER O SANTO” NO
ÚLTIMO CUARTO DO SÉCULO XX E COMEZOS DO XXI.***



O SANTO CIOME (ECCEHOMO) EN PROCESIÓN A COMEZOS DA ÚLTIMA DÉCADA DO SÉCULO XX.



RITUAL DE CONTACTO. DEVOTA BICANDO A IMAXE DO SANTO CIOME.



RITUAL DE “POÑER O SANTO” CON AMBAS AS DÚAS IMAXES DE DEVOCIÓN.



***RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN Ó REDOR DO SANTUARIO LEVANDO
FIGURAS DE CERA.***



***DEVOTA OFRECIDA COAS IMAXES DA VIRXE DAS ANGUSTIAS
E DO SANTO CIOME (ECCEHOMO).***



RITUAL DE “POÑER O SANTO”




RITUAL DE CONTACTO. DEVOTA PASANDO A SÚA MAN POLA IMAXE DO SANTO CIOME.



DEVOTA OFRECIDA CUNHA IMAXE DE CERA DA VIRXE DAS ANGUSTIAS.



***DEVOTAS OFRECENDO CIRIOS ACESOS QUE COLOCAN NO MONUMENTO DEDICADO
Á VIRXE DAS ANGUSTIAS***



AS IMAXES DO SANTO CIOME E DA VIRXE DAS ANGUSTIAS COAS QUE SE PON O SANTO.



ALGO DE OFRENDA EN ESPECIE. BOLSA CON PATACAS.



PERSOAS ENCARGADAS DE “POÑER O SANTO” E DE DAR AS FIGURAS DE CERA AOS DEVOTOS PARA REALIZAR A OFRENDA.



NA PROCESIÓN SACAN CINCO IMAXES DE DEVOCIÓN



***AS IMAXES DA VIRXE DAS ANGUSTIAS E DO SANTO CIOME
EN PROCESIÓN.***



RITUAL PROCESIONAL. VISIÓN DE CONXUNTO



POSTO DE ROSQUILLAS

***II. O SANTUARIO DA VIRXE DAS DORES E O XESÚS NAZARENO DE
ROBRA (OUTEIRO DE REI) (LUGO)***

PUBLICACIÓN: *BOLETÍN DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO*, nº 5, 1992

2. SANTUARIO DO SAN PEDRO FIZ DE ROBRA.

I. SITUACIÓN.

1. ECLESIAÍSTICA. Freguesía de San Pedro Fiz de Robra. Arciprestado de Coutos da Esquerda. Diocese de Lugo.

2. CIVIL. Parroquia de Robra. Concello lucense de Outeiro de Rei.

3. COORDENADAS U.T.M.

X: 613.289

Y: 4.771.316

II. TRAZOS ARTÍSTICOS.

Este santuario é unha igrexa parroquial románica do século XII, que sufriu importantes reformas no século XVII, que deron lugar a que este recinto sacro adquirise unha forma de cruz latina con dúas capelas laterais. Por outra banda, distinguimos unha ábsida de estrutura rectangular e semicircular; e unha fachada de estilo románica, que ten unha portada de arco de medio punto con tres arquivoltas tóricas. No seu interior hai dous retábulos barrocos, do século XVIII, con dúas columnas salomónicas: o da capela lateral sur, contén as talles de Santa Bárbara do século XVII, e a da Virxe do Carme; o da capela lateral norte, mostra as advocacións da Virxe das Dores e do Nazareno³.

III. IMAXES DE DEVOCIÓN.

Neste santuario venéranse dun xeito esencial as advocacións da Virxe das Dores e a do Xesús Nazareno, colocadas nun retablo barroco da capela lateral norte.

³ VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas, t. III, 1980, páx. 141.

Sobre a advocación da Virxe das Dores, cómpre facer mención aos seguintes datos reflectidos no Libro de Fábrica nº III de Robra, Guillar e Silvarrei.

1º.- No ano 1.862 realizouse unha imaxe nova da Virxe, que custou 411 reais. Esta nova imaxe xa posuía un manto e un vestido novos con galón dourado, que foran feitos no ano 1.856 por 85 rs. **"El Manto de la Virgen de los Dolores, con su vestido y galón dorado para dicho manto y el hacerlo costó ochenta y cinco rs."(4).** **"Una imagen nueva de Ntra.Señora de los Dolores cuatrocientos once rs."** ⁴.

2º.- No ano 1.863 construíuse un camarín novo para a Virxe, que valeu 483 reais. **"Por hacer el camarín nuevo para la Virgen de los Dolores, madera para construírlo, papel para forrarlo y cristales, cuatrocientos ochenta y tres rs."** ⁵.

3º No ano 1.867 realizouse unha capela nova dedicada á Virxe, que custou 2.140 rs.

Sobre a advocación do Eccehomo, tamén chamado o Xesús Nazareno pola comunidade de Robra, convén salientar igualmente unha serie de datos sacados do mesmo Libro de Fábrica.

1º.- No ano 1.863 construíuse unha nova imaxe do Santo Eccehomo así como a urna, para que poidese ser sacada en procesión. Tanto a nova imaxe como a urna custaron un total de 440 reais. **"Los Maestros que han hecho la capilla nueva, dedicada a la Virgen de los Dolores, y sacada a pública subasta dos mil ciento cuarenta rs."** ⁶. **"La nueva imagen del Sto.Ecce-Homo, doscientos veinte rs . Por hacer la Urna para sacar en procesión el Sto.Ecce-Homo,doscientos veinte rs."** ⁷

2º.- No ano 1.864 realizouse o sartego do Santo Eccehomo, que valeu 40 rs. **"Madera para el Sepulcro del Sto.Ecce-Homo, hecho en el mismo altar,cuarenta rs."** ⁸

3º.- No ano 1.865 restaurouse por 280 rs. o Santo Eccehomo e a urna. No mesmo ano construíuse por 66 reais o camarín do Santo Eccehomo e unha gran mesas para colocalo na igrexa o día da súa festividade. **"Restaurar el Sto.Ecce-Homo y la Urna,doscientos ochenta rs. Llevó el Maestro por hacer el camarín del Sto.Ecce-Homo y pintar el altar y hacer la mesa grande, para**

⁴ **LIBRO DE FABRICA Nº III, de las parroquias de ROBRA, GUILLAR y SILVARREI**, páx. 57. Ano.1862.

⁵ Ibidem, páx. 58. Ano 1863.

⁶ Ibidem, páx. 59. Ano 1867.

⁷ Ibidem, páx. 58. Ano 1863.

⁸ Ibidem, páx. 58. Ano 1864.

colocarlo en la Iglesia el día de su fiesta, sesenta y seis rs. ⁹. Actualmente os días nos que se conmemoran as súas festividadeas son o domingo e luns de Pascoa. Antano tamén se celebraba o martes de Pascoa.

IV. ALGÚNS DATOS HAXIOGRÁFICOS E ICONOGRÁFICOS DA ADVOCACIÓN MARIANA DAS DORES.

Esta advocación destaca o sentimento de dor da nai ante o sufrimento do seu fillo. Os sete dores fan alusión aos sete episodios da vida de Cristo, relatados polos evanxeos, que fixeron sufrir a María. A devoción á Mater Dolorosa desenvolveuse a partir de finais do século XI. É unha advocación moi arraigada en España, celebrándose cultos tanto no mes de setembro como na Semana Santa –venres de Dores. Esta advocación aparece frecuentemente representada no momento da Piedade co seu fillo Xesús morto no seu colo, tralo descendemento da cruz; e outras veces con expresión de desconsolo ao pé da cruz. En Galicia é a patroa, entre outros lugares, de Escairón, Laín, e hai un considerable número de romerías, que se fan na súa honra. É unha advocación coñecida tamén como Virxen da Amargura, da Piedade, das Angustias, da Dolorosa...

Con respecto aos seus atributos cómpre distinguir un corazón traspasado por unha espada en alusión á profecía de Simeón. Tamén, representase con sete espadas, que lle traspasan o corazón en alusión ás setes dores ¹⁰.

V. DEVOCIÓN POPULAR.

1. FESTIVIDADE.

O domingo e luns de pascoa conmemórase a festividade da Virxe das Dores e do Xesús Nazareno. Antano tamén se celebraba o martes de Pascoa.

Ademais, é mester sinalar que hai anos había un culto a San Eutelo (San.Eleuterio), avogado da rabia. Así, aquelas persoas mordidas por un can rabioso impoñíaseles

⁹ Ibidem, páx. 59. Ano 1865.

¹⁰ GIALLANZA, Joel: *The Seven Sorrows of Mary*, C.S.C. Ave María Press, 2008

unha cruz de cristal, que contiña unha reliquia do santo. *"Y en S.Félix de Robra, casi en las puertas de Lugo, en el Ayuntamiento de Otero de Rey, también se pretende curar a los mordidos por perros rabiosos por medio de la llave candente, aplicada en nombre del santo"* ¹¹. Sobre este culto, Don JOSÉ LÓPEZ BESTEIRO, párroco anterior de Robra, xa finado, manifestaba nun Libro de Actas Parroquial o seguinte: *"me consta que por tradición oral hubo misa solemne el 26 de mayo, fiesta de San Eleuterio, en Robra, y yo puse ese día misa para todos, así como bendición de casas a partir del año 1.982 para restaurar la antigua devoción"*.

Así mesmo, noutrora tamén se conmemoraba no mes de setembro a festividade do San Roque; esta realizábase co importe obtido do froito, que se recollía polas casas das parroquias de Robra, Silvarrei e San Martiño.

2. TERRITORIO DE GRACIA.

Antano a súa influencia extendíase non só as parroquias do municipio de Outeiro de Rei senón tamén a outros municipios colindantes, como Friol, Begonte, Lugo, Rábade e Castro de Rei. Na actualidade o seu influxo quedou restrinxido ao municipio de Outeiro de Rei, e un pouco aos de Lugo, Begonte e Rábade.

3 PEDIMENTOS.

Os devotos ofrécese por doenzas humanas e por todo aquilo ligado coa facenda familiar. Ademais algúns veñen ofrecidos tamén por outras persoas, que non poden acudir ao recinto sacro por algunha doenza.

4. PROMESAS.

¹¹ RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús: *Supersticiones de Galicia y Preocupaciones Vulgares*. Lugo: Ed. Celta, 1971, páx. 99.

A interacción do devoto coa entidade sacra levase a cabo por medio da promesa, que pode executarse denantes ou logo de que o pedimento foi concedido. Para iso, os devotos soen tomar parte en diferentes rituais e ofrendas, que sinala a continuación:

4.1. RITUAIS.

Os ritos de base religiosa son regras de conducta, que fan mención a como o ser humano debe comportarse coas entidades sagradas. Neles é mester distinguir unha serie de actitudes ou prácticas de carácter colectivo doutras de índole individual..

4.1.1. RITOS DE PARTICIPACIÓN COLECTIVA.

*** MISAS.**

Ambos os dous días, ofíciense catro misas e concelebrase outra as 13,30 da tarde, na que participan varios cregos de Lugo e freguesías limítrofes.

*** RITUAL DA PROCESION.**

Logo da misa solemne das 13, 30 horas, sae a procesión en torno ao santuario. A disposición dos seus elementos é como segue: unha cruz parroquial, levada por un fregués da comunidade de Robra; logo as advocacións da Virxe das Dores e do Xesús Nazareno, levadas en andas cadansua por oito devotos, que levan posto o hábito do Nazareno¹²; a continuación, a custodia co Santísimo Sacramento baixo palio. Éste sae na procesión dende hai bastantes anos debido a unha concesión por parte do antigo bispo da diocese de Lugo –xa finado– Fray José Gómez a unha petición do anterior párroco –tamén finado– Xosé López Besteiro; como remate, os cregos concelebrantes e bastantes devotos colocados sen distinción de idade e sexo. Hai devotos –

¹² A pertenza dos hábitos ao santuario está constatada no Libro de Fábrica nº III desta parroquia, onde se fai alusión a que no ano 1867 fixeronse varios hábitos para aqueles devotos, que levasen en procesión á Virxe das Dores e ao Santo Eccehomo. Estes hábitos tiveron un custo de 238 reais.

poucos– que van descalzos acompañando á procesión. Tamén algunha devota soe ir de xeonllos baixo a imaxe da Virxe. Por outra banda, o primeiro domingo de maio –dedicado a todas as nais– volve a haber unha procesión coa Virxe das Dores, portada en andas por nais da freguesía. Tamén, ao seguinte domingo, volve a haber procesión coa mesma advocación mariana, levada en andas por nais, acompañadas dos seus fillos.

Antano, dous devotos portaban na procesión un lenzo da Verónica coa efixie de Cristo; tamén, seis fieis da comunidade parroquial, colocados diante das imaxes da Virxe das Dores e do Xesús Nazareno, levaban nunhas bandexas os diferentes símbolos da paixón.

4.1.2. RITOS DE PARTICIPACIÓN INDIVIDUAL..

*** RITUAL DE “POÑER O SANTO”.**

José Rubinos Román da “Casa Cancela” fai unha cruz, cunha imaxe pequena da Virxe, por riba da cabeza dos devotos; estes bican a imaxe mariana, mentres o poñente recita a seguinte xaculatoria: “La Virgen de los Dolores / ampare y proteja/ a este fiel devoto. Amén”.

Denantes deste “poñente” cómpre facer alusión ao Sr. Lombao, que durante máis de vinte anos foi o encargado de “poner o santo”, utilizando a mesma xaculatoria que na actualidade, aínda que tamén se empregou a seguinte: *“Virgen de los Dolores / sácale la enfermedad / y dale la sanidad/ por mediación de Ntro. Señor Jesucristo.Amen”.*

*** RITUAL DE CONTACTO COA ADVOCACIÓN ESTÁTICA.**

Algúns devotos tocan coas súas mans e panos ámbas dúas imaxes e, logo, pasanos pola cara e por outras partes dos seus corpos cunha finalidade profiláctica e sandadora.

Por outra banda, hai outros dous rituais: a confesión e a comunión, De ambos os dous participan algúns devotos, cumprindo deste xeito o precepto pascoal.

Hai anos, un bo número de devotos realizaban tanto o Xoves como o Venres Santos procesións individuais, de xeonllos, descalzos, ou de ambas maneiras, ó redor do recinto sacro.

4.2. OFRENDAS.

Algúns devotos doan unha esmola en metálico no intre de “poñer o santo”, ou nalgunha das misas oficiadas no santuario. Hainos que aportan flores; estas colocanse nunha nova peana con máis capacidade que a anterior. Tamén, algúns devotos ofrecen misas, que o párroco irá oficiando ao longo do ano. Así mesmo, algúns acenden veliñas nalgún dos lampadarios existentes no espazo sacro.

4.2.1. OS HÁBITOS.

Noutroira, algúns romeiros ofrecíanse a “poñer o hábito do Xesús Nazareno” durante a misa e procesión do domingo e luns de Pascoa. Estes hábitos eran propiedade do santuario; a eles tiñan dereito en primeiro lugar as persoas pertencentes á parroquia; só posteriormente e sempre no caso de que quedase libre algún hábito, podía ser usado por devotos de fora da parroquia tras o pago dunha esmola polo seu uso. Dende comezos do últimos cuarto do século XX adoitan levar os hábitos aqueles devotos, que se ofrecen a sacar as imaxes en procesión ó redor do santuario. A propiedade dos hábitos por parte do santuario queda reflectida no Libro de Fábrica nº III desta parroquia, no que se nos di que no ano 1.867 realizáronse varios hábitos para aqueles devotos, que levasen en procesión a Virxe das Dores e o Santo Eccehomo. Estes hábitos custaron 238 reais. ***“Tela de los ropones para vestir los que llevan la Virgen y el Sto. Ecce-Homo en procesión, ciento sesenta rs. Galón dorado para los mismos, treinta rs. Hechura de ellos cuarenta y ocho rs.”***¹³.

No ano 1.990 seis fregueses da parroquia fixeron seis hábitos como ofrenda para levar as andas das imaxes de devoción –advocación mariana das Dores e advocación do Xesús Nazareno–; isto deu lugar a que neste ano aumentase en seis o número de confrades dispostos a portar as devanditas andas.

Ao rematar os oficios relixiosos os fregueses acceden cos seus invitados ao campo da festa, para participar da sesión vermú, amenizada por un grupo musical, que, logo volvera a actuar na verbena da noite. Ao rematar a sesión vermú, vaise a xantar cos invitados, para logo a noitiña participar se ben o caso na verbena.

¹³ Libro de Fábrica. Ibidem, páx. 56. Ano 1867.

VI. CONSIDERACIÓNS FINAIS SOBRE AMBOS OS DOUS SANTUARIOS

Ambos os dous recintos sacros funcionan como igrexas parroquiais, agás nunhas datas determinadas do ano nas que acoden devotos doutras parroquias e, tamén, doutros municipios para pregar das respectivas entidades sacras o seu favor. No obstante, nos últimos anos foise producindo un descenso paseniño de romeiros. A razón principal radica en que o aumento do nivel cultural destas comunidades rurais e os medios de comunicación social constitúen importantes canles para coñecer outras visións relixiosas e seculares do mundo que, sen dúbida, foron reducindo o carácter operativo de certas prácticas rituais. Con todo, dentro dunha mentalidade cristiá, as imaxes de devoción actúan como medidoras perante Deus mais dende unha óptica popular teñen un poder inherente a elas mesmas. Malia isto os devotos posúen un código comunicativo coas entidades sacras, baseado en signos lingüísticos e actitudes somáticas, que ten como finalidade acadar a súa protección e indulxencia así como o agradecemento polo don outorgado. Esta ligazón queda reflectida nunha serie de promesas. Algunhas de índole oficialista, como oír misa, ofrecer misas, participar na procesión, dar unha esmola en metálico. Outras, pola contra, de base popular, como calquera ritual de contacto coas imaxes de devoción, o ritual de circunvalación ó redor do santuario, ofrecer exvotos etc. Por outra banda, cómpre sinalar que a dimensión sacra transmítese ao exterior por medio das procesións individuais, que levan a cabo os romeiros, cando acceden ao santuario; e, tamén, mediante a procesión colectiva, logo da misa solemne, que proporciona unha enerxía positiva a todos os seres, que se encontran no seu percorrido. Respecto a disposición da procesión **Álvarez Gastón** distingue unha serie de trazos: trátase de manifestacións máis multitudinarias non só polos participantes activos senón tamén polos números espectadores; no interior da comunidade local é algo que chega vitalmente aos fregueses; ademais, neste ritual é mester reparar nas imaxes, no xeito de levalas, no pobo que toma parte e no que mira, así como no espírito da celebración reflectido en cantos, rezos e mesmo no silencio. Con respecto ás figuras de cera, ofrenda peculiar no Santuario de Arcos, está ligada as persoas beneficiadas, xa que é un calco da parte ou do ser curado; este último trazo é o elemento diferenciador respecto a outras ofrendas como poder ser os cartos ou as candeas, que amosan un papel máis indeterminado. Ademais, hai que sinalar que en ambos os dous santuarios hai devotos que denantes de entrar en contacto coas entidades sacras se purifican

realizando actos penitenciais propiciadores da graza divina, como vir caminando dende o seu lugar de orixe. O camiñar constitúe a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal.

Así mesmo, cómpre advertir que as celebracións relixiosas en ambos os dous santuarios complementáanse cunha dimensión laica ou profana na que os fieis en xeral gozan dun tempo de lecer; mercan produtos de diferente índole, entre os que hai que salientar as rosquillas; e atenden, nas casas de seu, aos invitados cun bo xantar. Logo, á noite, é o tempo para bailar unas pezas. Ambás as dúas romaxes constitúen unha expresión da identidade da comunidade, da cohesión como grupo; mais tamén, posibilita unha abertura ao exterior, que queda reflectida –como vimos– no intre da comensalía. Ademais, a festa posibilita que os integrantes doutras comunidades veciñas vexan o esplendor do evento, e tente emúlalo, cando sexa o momento axeitado.

VII. OUTROS SANTUARIOS.

Neste municipio, houbo outros dous santuarios dedicados ao San Bieito de Palermo. Estaban situados nas freguesías de Cela e Francos, e conmemoraban a súa festividade o 27 de setembro. Na actualidade unicamente segue habendo algo de devoción na freguesía de Francos. Así, o domingo máis próximo ao día 27 de setembro, agás esta data caiga en domingo, o párroco segue oficiando unha misa solemne e, a continuación, saca en procesión a imaxe do San Bieito, que é levada nas andas por catro fregueses da comunidade no seu percorrido ó redor da igrexa parroquial. Logo, lévase a cabo o “ritual de poñer o santo”, do que se encarga un membro da parroquial. Polo que respecta á freguesía de Cela, segundo informantes desta comunidade parroquial, xa non hai ningún culto dedicado a este santo.

VIII. BIBLIOGRAFIA XERAL.

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: ***La Religión del Pueblo*** . Madrid: B.A.C. 1976, p. 19.

CANCIO FERNÁNDEZ, José: Delineante, autor do mapa de Outeiro de Rei.

LIBRO DE FÁBRICA Nº III, de las parroquias de ROBRA, GUILLAR y SILVARREI.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: ***Las Romerías/Peregrinaciones y sus Símbolos.*** Vigo. Ed. Xerais, 1987, páx. 175.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías: ***Inventario Artístico de Lugo y su provincia.*** Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica. T. I, 1975, p. 111. T.V, 1983. p. 414.

IX. ILUSTRACIONES.



***RITUAL PROCESIONAL Ó REDOR DO SANTUARIO. ADVOCACIÓN
MARIANA DAS DORES.***



RITUAL PROCESIONAL. O XESÚS NAZARENO LEVADO EN PROCESIÓN POR DEZ CONFRADES.



ADVOCACIÓN MARIANA DAS DORES



RITUAL DE “POÑER O SANTO”



RITUAL DA PROCESIÓN



URNA DO XESÚS NAZARENO



**UNHA DEVOTA OFRÉCESE A IR DE XEONLLOS POR BAIXO DAS ANDAS
DA ADVOCACIÓN MARIANA DAS DORES.**



O XESÚS NAZARENO VAI LEVADO EN PROCESIÓN POR DEZ CONFRADES COS SEUS HÁBITOS.



OUTRO DETALLE DA ADVOCACIÓN MARIANA DAS DORES NA PROCESIÓN